



ACTA DA COMISIÓN PERMANENTE DO 18/05/2023

(aprobada na CP do 24/05/23)

Da comezo a sesión ordinaria da Comisión Permanente, ás 11:40 horas (primeira convocatoria), na Sala de Xuntas do Decanato da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, unha vez acadado o quórum preciso e coa seguinte

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
- 2.- Informe da Decana
- 3.- Aprobación, se procede, do criterio de modificación de horario no caso de coincidencia de data e hora nas probas de avaliación de carácter global (convocatoria fin de carreira, ordinaria -1º e 2º período- e segunda oportunidade) en materias de diferentes cursos.
- 4.- Aprobación, se procede, da redución do prazo de entrega de actas.
- 5.- Aprobación, se procede, da modificación dos criterios de realización dos Actos de graduación de Ade-Economía-PCEO.
- 6.- Solicitud de confidencialidade para a realización dun TFG por parte da alumna Aroa Pérez Rodríguez
- 7.- Aprobación, se procede, das ponderacións de materias da ABAU.
- 8.- Rogos e preguntas.

ASISTENTES:

NOME	APELIDOS
OLGA	ALONSO VILLAR
JOSÉ ÁNGEL	ÁLVAREZ MOREIRA
LUCY	AMIGO DOBAÑO
GUSTAVO	BERGANTIÑOS CID
M. DOLORES	GARZA GIL
XOSÉ MANUEL	GONZÁLEZ MARTÍNEZ
JACOBO	GONZÁLEZ QUIROGA

NOME	APELIDOS
MAR	GONZÁLEZ SAVIGNAT
CARLOS	DE MIGUEL PALACIOS
CARMEN	OTERO NEIRA
ANA	DE PRADO VÁZQUEZ
MAR	RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ
JACOB	SÁNCHEZ TRONCOSO
CARMEN	VÁZQUEZ PAMPÍN
MARÍA XOSÉ	VÁZQUEZ RODRÍGUEZ
JORGE	VILA BIGLIERI

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

ENRIQUE J.	BUCH GÓMEZ
M ^a MERCEDES	VILA ALONSO

No primeiro punto da orde do día, solicítase aos membros da Comisión a aprobación da acta correspondente á sesión do 23/02/2023

As proposta apróbase por asentimento.

No segundo punto, *informe da Decana*, ésta informa dos seguintes asuntos:

1.- Da posta en marcha por parte da Reitoría dun novo programa de Xestión Académica. O proceso de matrícula levarase a cabo a través dese novo programa. Explica que hai máis dúbidas que certezas coa implantación do mesmo; que, aínda que se leva implantando noutras universidades, non se adapta ás necesidades que tiñamos polo de agora cubertas co anterior, polo que, teremos que ser os/as usuarios/as os/as que nos adaptemos, polo momento, ao que hai dispoñible.

Esto vai implicar, cambios, por exemplo, na asignación do alumnado aos grupos, que fará automaticamente o programa xa que non hai medios nin persoais nin técnicos para facelo de ningunha outra forma que garanta unha asignación medianamente equitativa. O programa, irá asignado ao alumnado, a medida que se vaia matriculando, nos grupos nos que haxa menor ocupación de espazos, excepto nas materias do plan de internacionalización, onde o alumnado deberá escoller grupo según idioma, a lo menos este primeiro ano de utilización do programa.

Outra das novidades é que aínda que a preinscrición das materias optativas vai seguir levándose a cabo a través da secretaría virtual, a matrícula farase posteriormente no novo programa, unha vez que, dende a sección de alumnado lles dean a posibilidade de matricular as materias asignadas.

2.- Temas de infraestruturas. A Decana informa que se están a acometer reparacións de filtracións nalgún despachos e na AILA co presuposto da Facultade. Tamén se acometerá

en breve a reparación de parte da terraza cunha pequena aportación da Vicerreitoría de Planificación, sobre o 20% do custo total que está estimado en algo mais de cen mil euros.

3.- Dotación económica laboratorios. Acada de chegar comunicación coa dotación para laboratorios docentes, que este ano se reduce nun 70% respecto ó dotado nos últimos anos. Utilizarase para continuar coa renovación necesaria de pizarras e proxectores.

Álvarez Moreira pregunta se o alumnado no momento de matricularse vai saber a qué grupo queda asignado e se é a asignación vai ser igual se os que se matriculen o fan o primeiro ou o último día.

A Decana dille que cre que si, que alumno vai saber o grupo asignado tras matricularse, pero que como o programa aínda está en probas non podemos confirmar nada.

No terceiro punto, “Aprobación, se procede, do criterio de modificación de horario no caso de coincidencia de data e hora nas probas de avaliación de carácter global (convocatoria fin de carreira, ordinaria -1º e 2º período- e segunda oportunidade) en materias de diferentes cursos” a decana explica que esto xurde dunha petición de dúas alumnas ás que lles coinciden dous exames de distintos cursos no mesmo día e hora. Tras facer a consulta á Asesoría Xurídica da Universidade indícanos que, aínda que queda claro que esto non pode ocorrer de ningunha maneira en materias dun mesmo curso, non queda tan claro na normativa se hai que garantir ese dereito a todas as persoas matriculadas en materias de distintos cursos nos que coincidan o examen oficial na mesma hora e día, e deixa a decisión en mans da facultade, así como o determinar quen tería que propoñer unha data alternativa nese caso.

Dende o Decanato propónse que se atenda este tipo de peticións e sexa a materia do curso máis alto a que estableza a data alternativa.

Ábrese un debate no que, Olga Alonso pide aclaracións porque entende que a decisión de se se debe facer o cambio é da Facultade. A Decana acláralle que o alumnado ten dereito a dúas oportunidades de exame, que o que se ten que decidir é o procedemento a seguir nese caso.

José Ángel Álvarez aclara que este é un dereito que figura no estatuto do estudantado.

Tras un breve debate no que se intenta acordar o procedemento, acórdase que cando dous exames de distintos cursos coincidan en día e hora, se o/ alumno/a non acada un consenso previo con algún dos/das profesores/as implicados/as, será o/ docente da materia do curso superior o que terá que cambiarlle preferentemente, a hora e/ou día do exame. A obriga de cambio rotará cada novo curso, de modo que, para o presente curso 2022/23 corresponderalle ao do curso superior, para o 2023/24 ao do curso inferior e así sucesivamente.

A proposta apróbase por asentimento.

No cuarto punto, “Aprobación, se procede, da redución do prazo de entrega de actas”, a Decana aclara que este prazo é o correspondente á entrega de actas correspondente a convocatoria segunda, na que o prazo de entrega de actas é posterior ao comezo dos

exames da 2ª oportunidade, cuestión que de por si é inviable. Oficialmente o prazo de entrega remata o 30 de xuño e os exames da segunda oportunidade comezan o 27 de xuño, polo que, se propón que o prazo de entrega de actas remate o 21 de xuño. Tamén se propón que o prazo de entrega de actas correspondentes ao traballos de fin de grao se acurten ata o 28 de xullo, para que o alumnado que defendeu en xullo poida titularse antes de rematar o mes e non estar a expensas de que algún membro do profesorado non cubra a acta ata setembro.

Para evitar problemas con respecto á elaboración do calendario de exames do vindeiro curso, suxírese facer xa este cambio tamén para o curso que vén, remantando o prazo de entrega de actas da segunda convocatoria o 19 de xuño e o de traballos de fin de grao o 28 de xullo.

Píde ademais, poder facer algún pequeno axuste, no caso de necesidade, cando se aprobou o calendario oficial de exames do vindeiro curso.

Mar Rodríguez considera que dez días para corrixir exames, sobre todo para as materias de primeiro, que son as de maior cantidade de matriculados non é suficiente, que deberían ser 15. Alega que non ve o problema de que se solapen as datas, porque, segundo ela, o calendario de exames da convocatoria de 2ª oportunidade comeza por exames do primeiro cuadrimestre.

Acláraselle que eso non é así, que os exames rotan cada novo curso e que non teñen porqué comezar por materias do primeiro cuadrimestre.

Tras expresar a súa opinión persoal diversos membros da comisión, a proposta de redución proposta aprobouse por asentimento.

No quinto punto “Aprobación, se procede, da modificación dos criterios de realización dos Actos de graduación de Ade-Economía-PCEO” a decana explica que, segundo a normativa actual os actos deben facerse na segunda semana de xuño. Ao coincidir esa semana con exames, non parece razoable que eso sexa así, polo que, propón un cambio para que a celebración dos actos teña lugar na seguinte semana completa á finalización dos exames correspondentes á convocatoria do segundo período.

Por outra banda, para garantir igualdade nas datas de celebración dos mesmos, os actos rotarán entre os distintos graos.

Olga Alonso quere que conste en acta, que ela non está de acordo con que os actos se celebren sen terse graduado os alumnos participantes, xa que o termo “acto de graduación” conleva necesariamente ter rematado os estudos de grao correspondentes.

Procédese a votar a proposta da Decana: apróbase por 15 votos a favor, e o voto en contra de Olga Alonso.

No sexto punto da orde do día, “Solicitud de confidencialidade para a realización dun TFG por parte da alumna Aroa Pérez Rodríguez”, a decana explica que, segundo o protocolo de confidencialidade para o desenvolvemento de traballos de fin de grao en empresas

e a normativa que o ampara, aqueles traballos de fin de grao que conteñan datos de empresas, se queren que eses datos sexan confidenciais, o alumno en cuestión debe solicitar no centro a confidencialidade do traballo.

Olga Alonso non ve claro o tema, parécelle unha contradición que un traballo de fin de grao, que debería ter unha defensa pública, sexa un traballo totalmente confidencial.

Sométese a proposta a votación: apróbase por 15 votos a favor e a abstención de Olga Alonso.

No sétimo punto, “Aprobación, se procede, das ponderacións de materias da ABAU” a decana explica que o delegado do Reitor na CIUG, Iván Area, nos remitiu un correo no que solicita a aprobación da modificación das ponderacións das materias para a abau e que, no noso centro, afecta á materia “Economía da empresa”, que pasa a chamarse “Empresa e Modelos de Negocio”, e alguna outra de ciencias que tamén modifica lixeiramente o nome, pero as ponderacións propostas se manteñen sen cambios respecto ás actuais.

A proposta aprobase por asentimento.

No oitavo punto, rogos e preguntas:

Álvarez Moreira pregunta se para a elaboración das guías docentes se terá en conta o novo regulamento de avaliación. Díselle que, segundo consulta á Asesoría Xurídica ese regulamento, ao entrar en vigor 1 de setembro, non vai ser aplicable para as guías.

Ao non haber rogos nin preguntas levántase a sesión cando son as 12:44h.

Vº e Pr.:

A Decana

A Secretaria

	de Empresas e o Grao en Dereito 24- 25																											
	Simultaneid ade do Grao en Administrac ión e Dirección de Empresas e o Grao en Dereito 25- 26	0	0, 1		0	0	0, 2	0, 2	0	0, 1	0, 1		0, 2	0, 2	0, 2	0, 1	0, 2	0, 1	0, 2	0	0	0	0	0	0	0	0	0